



CONCELLO DE  
OLEIROS

> SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

## RESOLUCIÓN

Nº Expediente:

### RESOLUCIÓN DA 7º TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRA DELEGADA DA AREA DE SERVIZOS SOCIAIS E SANIDADE

O vindeiro 28 de febreiro do ano en curso terá lugar, na Polideportiva Arsenio Iglesias de Santa Cruz, o Concurso de Disfraces do Entroido 2020 para o que é necesario aprobar unhas bases que regulen o dito concurso.

Polo exposto, de conformidade coas atribucións a min conferidas polo Decreto de Alcaldía nº 2019002619, de data 20 de xuño, de delegación de competencias, **VEÑO EN RESOLVER:**

#### 1. Aprobar as Bases do Concurso de Disfraces do Entroido 2020

#### **BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2020**

Bases que regulan a participación no concurso de disfraces que organiza o Concello de Oleiros, o venres 28 de febreiro na polideportiva municipal Arsenio Iglesias de Santa Cruz

**PRIMEIRO.-** O Concello de Oleiros organiza un concurso de disfraces no que poderán participar persoas nadas antes do 1 de xaneiro de 2004.

*(Permitirase a participación de persoas nadas despois desta data na categoría de grupos e sempre que non supoñan máis do 40% do total do grupo).*

**SEGUNDO.-** Neste concurso establécense dúas categorías:

“GRUPOS” (entre 3 e 25 persoas)

“INDIVIDUAL-PARELLAS” (1 ou 2 persoas).

Deberá elixirse só unha das categorías, ningún disfraz poderá participar nas dúas categorías. De detectar esta situación eliminarase da categoría individual.

**TERCEIRO.-** Este é un concurso de disfraces que se desenvolve nun recinto interior con limitacións de acceso e mobilidade. Polo tanto non poderán participar aqueles disfraces que contén con estruturas ou elementos externos non adheridos á persoa que leva o disfraz.





CONCELLO DE  
OLEIROS

Non se permitirá a participación no concurso nin o acceso ao recinto de ningún elemento ou estrutura como carrozas, vehículos, carromatos, e calquera outra, tanto flexibles como ríxidas...).

As dimensións do disfrace que porte a persoa (e que debe estar unido ao corpo da persoa) non debe superar as seguintes medidas: 1,20 m de ancho x 1,50 m de longo e 2 m de alto.

Non poderán utilizar ningunha substancia que poida ser inflamable ou perigosa.

Non poderán formar parte do concurso de disfraces aqueles que xa participaron en edicións anteriores.

**CUARTO.-** As inscricións deberán facerse a través da páxina web [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org), ata o 26 de febreiro de 2020.

A inscrición será cumprimentada cos datos dun membro do disfrace que o representará en todas as fases do concurso.

No momento da inscrición asignaráselle un número de dorsal que deberá retirar o representante na polideportiva Arsenio Iglesias o venres 28 de febreiro entre as **18:30 e as 19:30 horas**. O número do dorsal asignará a orde de presentación no escenario.

**QUINTO.-** O concurso terá lugar o venres 28 de febreiro durante a celebración do **Entroido 2020** na polideportiva municipal Arsenio Iglesias de Santa Cruz.

Os disfraces participantes realizarán un desfile subindo ao escenario a partir das 19:45 horas. No desfile só se poñerá a música de fondo seleccionada pola organización. As persoas participantes non poderán estar máis de 2 minutos enriba do escenario, o suficiente para desfilar e que público e xurado poidan observar os disfraces.

Durante a celebración do concurso poderán efectuarse gravacións e fotografías, incluíndo ás persoas participantes e asistentes, estas fotografías poderán ser utilizadas nos medios que o Concello de Oleiros estime oportuno.

**SEXTO.-** A organización achegará unha táboa para axudar a realizar a valoración nas diferentes categorías. Cada criterio valorarase de 0 a 10 puntos para ter unha puntuación final. Ao remate do desfile as persoas compoñentes do xurado reuniranse para fallar o resultado e comunicalo publicamente.

Os premios outorgaranse segundo as puntuacións totais obtidas despois da suma das valoracións parciais de cada compoñente do xurado.

O xurado debe avaliar:

- estética, orixinalidade e creatividade,
- posta en escena,





CONCELLO DE  
OLEIROS

- detalles de maquillaxe, máscaras e demais complementos
- e a elaboración propia e artesanal.

**SÉTIMO.-** O xurado estará presidido pola concelleira de Servizos Sociais e Igualdade ou pola persoa en quen delegue. Os membros do xurado serán nomeados pola Concellería de Servizos Sociais e Igualdade.

**OITAVO.-** Establécense os seguintes premios:

**Grupos**

1º premio: 1.200 €

2º premio: 800 €

Dous 3º premios de: 500 €

Accésit: 400 €

**Individual-Parellas**

1º premio: 400 €

2º premio: 300 €

Dous 3º premios de: 200 €

Dous accésit: 100 €

Os accésits serán adxudicados polo xurado se así o considera conveniente, atendendo á calidade global de todas as persoas participantes, ás características do disface ou da súa interacción durante a festa..., debendo o xurado argumentar os motivos do seu fallo.

**Os premios estarán suxeitos á retención do IRPF correspondente**

Os premios faranse efectivos con posterioridade a través de transferencia bancaria. O Concello comunicará ao representante do disface as datas nas que poderán facer efectivo os premios. O aboamento dos premios realizarase a nome do representante do disface que aparece na inscrición.





CONCELLO DE  
OLEIROS

## SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

**NOVENO .-** O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios. A organización e o xurado poderá descualificar en calquera momento do proceso, aqueles disfraces que incumpran as normas recollidas nestas bases.

O xurado poderá descartar do concurso aqueles participantes que se comporten indecorosamente ou exhibir condutas que poidan considerarse ofensivas, vexatorias ou de mal gusto, tanto cara ao público como cara á organización.

**DÉCIMO.-** A aceptación do concurso levará implícita a aceptación das bases.

Calquera circunstancia non prevista nestas bases e que poida alterar o normal desenvolvemento do concurso deberá ser consultada coa organización.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola 7º tenente de alcalde delegada de Servizos Sociais e Igualdade, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

